

**PLANO ESTRATÉXICO
DO DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA ESPAÑOLA E LATINA**

- 1.** Introducción

- 2.** Definición da misión

- 3.** Establecemento de visión

- 4.** Análise DAFO
 - 4.1** Debilidades

 - 4.2** Ameazas

 - 4.3** Fortalezas

 - 4.4** Oportunidades

- 5.** Cadro de mando

Introducción

O Departamento de Filoloxía española e latina naceu coa Universidade da Coruña, no ano 1990, aínda que nun primeiro momento tivo o nome de Filoloxía española (abarcando tamén a área de Lingüística Xeral). Previamente á segregación, os seus membros estiveran integrados en diversos Departamentos da Universidade de Santiago de Compostela.

O seu persoal docente e investigador está integrado por 30 membros de cinco áreas de coñecemento:

Lingua española

Literatura española

Filoloxía Latina

Teoría da literatura

Filoloxía románica.

Case todos os integrantes do Departamento posúen o título de doutor e son, na súa grande maioría, funcionarios, titulares e catedráticos de universidade.

Lingua española: 2 CU, 5 TU, 1 TEU, 1 PCD, 1 PAsoc., 1 Axudante

Literatura española: 1 CU, 6 TU, 1 Axudante Dr., 1 P Sustituto

Filoloxía Latina: 1 CU, 2 TU, 1 PCD, 1 PAsoc.

Teoría da literatura: 1 CU, 2 TU

Filoloxía románica: 2 TU

Ademais, conta no curso presente (2007-2008) coa presenza dunha bolseira María Barbeito, dúas bolseiras FPI, e varios de Terceiro Ciclo.

No plano de xestión, cómpre sulñar que conta cun PAS adicado en exclusiva ao Departamento.

Na actualidade o Departamento imparte docencia en 8 titulacións de 4 centros distintos:

- no Campus da Zapateira da Coruña imparte docencia nas Licenciaturas de Filoloxía Hispánica (a que conta cunha maior carga docente no POD do Departamento), Filoloxía Inglesa e Filoloxía Galego-portuguesa, na Facultade de Filoloxía.
- no Campus de Elviña imparte docencia en Maxisterio (Especialidades de Audición e Linguaxe, Educación Física, Educación Infantil e Educación Primaria), da Facultade de Ciencias da Educación, e na Licenciatura de Comunicación Audiovisual na Facultade de Comunicación.
- no Campus de Esteiro (Ferrol) imparte docencia na Licenciatura en Humanidades na Facultade do mesmo nome.

Alén diso participa desde o presente curso no Máster profesionalizante "Lingua e usos

profesionais: español / galego / inglés", da Facultade de Filoloxía, e organiza o Curso de Formación Específica de Posgrao Actualización e perfeccionamento en Lingua e Literatura Española (156 horas, 6 créditos ECTS), dirixido a todos os titulados que pretenden completar ou actualizar a súa formación (profesores de ensino medio ou opositores, sobre todo). Contamos, ademáis, cun programa de Doutoramento con Mención de calidade A Linguaxe Natural e a Linguaxe Artística na súa Modalidade Literaria e Audiovisual

Un elevado número de profesores está implicado en procesos de innovación docente, e participa en Grupos Departamentais de Calidade.

A investigación do Departamento desenvólvese tanto no nivel individual como a través de varios grupos de investigación; na actualidade contan con financiación externa, obtida en procesos competitivos por parte do MEC, dous proxectos da área de Literatura española, un na de Lingua, outro na de Filoloxía Latina e outro na de Filoloxía Románica.

Varios membros do Departamento teñen realizado regularmente informes para a ANEP e outras Axencias de Avaliación. Un deles é membro do Comité de Humanidades do PEP da Aneca.

O Departamento está a organizar congresos de rango internacional como o da Asociación Internacional de Semiótica, a Asociación Hispánica de Literatura Medieval, a Sociedade Internacional para el estudio de las Relaciones de Sucesos, a The Society for Emblem Studies ou a Asociación Española de Estudos Lexicográficos, así como coloquios de alto nivel en distintas áreas de coñecemento (Literatura española, Filoloxía latina, Filoloxía Románica...). Tamén se levan organizados desde os comezos da nosa Universidade ciclos de conferencias para analizar a dar a coñecer novas liñas de investigación e, alén diso, abrir estes dominios máis alá dos límites do Departamento, dando información das nosas actividades a toda a sociedade.

Definición da misión

O Departamento ten unha triple misión:

- a) Docente: formar nas materias correspondentes ás distintas áreas de coñecemento integradas nel aos estudantes das distintas titulacións da Universidade da Coruña, e, de forma máis específica, aos das titulacións de Filoloxía, preparándoos ademais para o seu exercicio profesional.
- b) Investigación: vincular as investigacións realizadas nas distintas áreas de coñecemento e facilitar a súa difusión. Ademais, é competencia do Departamento a formación na investigación dos nosos estudantes.
- c) Xestión (administrativa e de recursos).

Ao estar integrado o Departamento por diversas áreas, non resulta doado resumir cales son as nosas especificidades con respecto a outros Departamentos. Certo é que sobre dúas das áreas que o compoñen (Lingua e Literatura Española) pivota a titulación de Filología Hispánica, pero cómpre non esquecer o importante papel que as restantes áreas desempeñan non só nesa titulación, senón en todas as que se imparten en Filoloxía. Non debemos menospreciar tampouco o noso reducido encargo en outros centros, moi alonxado do que sería desexable cando tanto se está a falar das carencias en materias lingüísticas do alumnado universitario, das que deberíamos ser en boa medida responsables en toda a Universidade.

Deixando a un lado esa crucial tarefa, podemos destacar a existencia dunha ampla oferta de materias de corte lingüístico e literario. E, aínda que non todas se manteñan activadas debido á imposibilidade de ofrecelas dados os nosos limitados recursos, compoñen un rico e innovador abano que pode beneficiar aos nosos estudantes, pois poden optar por múltiples camiños e mesmo especializarse nas áreas do seu interese. Esta mesma riqueza e variedade obsérvase, do mesmo xeito, se profundizamos no perfil investigador do Departamento, caracterizado pola existencia dun bo número de liñas de investigación, tanto no eido lingüístico como literario, que teñen cristalizado en numerosas publicacións, eventos científicos, proxectos de investigación competitivos, etc. Doutra banda, ao igual que as restantes unidades que conforman a nosa institución, o Departamento de Filoloxía española e latina identifícase cunha serie de valores xerais propios como a procura da calidade, o servizo á sociedade, a cooperación e a defensa da identidade propia.

Establecemento de visión

Dada a actual coxuntura de converxencia no EEES, que obriga a un profundo replantexamento do ensino universitario no marco da Unión Europea, o Departamento de Filoloxía española e latina esta lóxicamente inmerso nun proceso de cambio que lle vai afectar en moi diferentes planos e a diferentes niveis.

a) Dunha banda, a totalidade das licenciaturas en que participa o Departamento se ve afectada polo proceso de adecuación aos Decretos estatais con respecto aos graos, posgraos e doutoramento, así como á normativa autonómica que os desenvolve.

b) Ademais, no caso das titulacións en que temos unha participación máis activa, estamos á agarda de decisións decisivas con respecto ao seu propio mantemento ou transformación. Á vista das novas –aínda non moi precisas– que están a circular no momento en que redactamos estas páxinas, o proceso vai ir máis alá dun simple cambio de plano de estudos, coas lóxicas modificacións en relación co número de créditos. O certo é que parece que haberá cambios moi significativos no que toca aos actuais títulos, con cambios significativos de contido e orientacións.

Con todo, vémonos obrigados a deseñar este plano estratéxico faltándonos informacións esenciais acerca do futuro dos nosos títulos. Por tanto, partimos do mantemento de tres graos na Facultade de Filoloxía (Inglés, Galego e Español), un Posgrao profesionalizante, e un Doutoramento.

Poderían resumirse os principios básicos que nos han guiar nese traballo no campo da docencia en:

1. O deseño dunha oferta interesante para a sociedade.
2. A implantación de metodoloxías docentes modernas, innovadoras e eficaces, de sorte que as capacidades docentes do Departamento se incrementen.
3. A formación integral do alumnado a traveso dunha docencia de calidade.
4. Facilitar a inserción dos egresados no mercado laboral.
5. Procurar a formación permanente do persoal docente e investigador e do persoal de administración e servizos do Departamento.

Para cubrir axeitadamente a docencia e a investigación no marco deste panorama académico (e tomando como referencia documentos aprobados noutras universidades, nos que se establece un encargo de 1.650 horas anuais para os PDI, que se traduce nunca docencia presencial entre as catro e seis horas mensuais), consideramos que se precisará un lixeiro

incremento no capítulo de persoal docente, así como, loxicamente, nos gastos de funcionamento e investigación.

Dentro do contexto do EEES, unha das liñas mestras da converxencia europea é a idea da aprendizaxe ao longo de toda a vida. Este é o motivo polo que consideramos que é a nosa obriga tratar de contentar non só ao alumnado tradicional das nosas licenciaturas, senón tamén a profesionais en activo (en bo número profesores de ensino medio) que precisan actualizar periódicamente a súa formación inicial.

Outro dos campos no que o Departamento debe avanzar con decisión é na difusión do seu labor no mundo hispanoamericano e no marco europeo. Non resultará unha sorpresa para ninguén que coñeza a situación actual da Facultade de Filoloxía se incidimos no elevado número de estudantes Erasmus que estamos a recibir, a maior parte dos cales acuden para cursar estudos de Filoloxía Hispánica.

Tampouco sorprenderá que xa exista un certo número de estudantes extranxeiros que teñen cursado os Estudos de Doutoramento con nós, e mesmo algún xa defendeu a súa tese de doutoramento.

Parece, pois, aconsellable potenciar os programas Erasmus e mesmo intentar dirixir tamén os nosos esforzos ao outro lado do Atlántico. Na actualidade contamos cun convenio co Collage of the Holly Cross (EE.UU.). Pero cómpre non contentarnos a medio prazo coa presenza de alumnos de fóra nas nosas aulas, senón deseñar unha oferta atractiva para hispanistas doutros lugares de Europa que podan cursar nas nosas aulas unha sorte de Posgrao.

O Departamento ten tamén unha certa proxección social, pola súa capacidade de transferencia e difusión do coñecemento ao tecido social que nos envolve, como pode apreciarse nos eventos científicos e mesmo nos ciclos de conferencias organizados polo Departamento pero, sobre todo, no grande interese que suscita o *Master Linguas e usos profesionais*, con un número de alumnos moi elevado. Con todo, sería moi desexable que esta proxección se fixese máis ampla.

Podemos suliñar tamén que as distintas áreas integradas no Departamento teñen obtido uns resultados moi positivos na súa faceta investigadora, como se demostra acudindo a indicadores obxectivos: a súa capacidade para a captación de recursos para investigación, obtención de sexenios, representación en Axencias avaliadoras... O noso deber é acrescentar o que xa se ten gañado, polo que cómpre unha decidida potenciación dos grupos de investigación capaces de captar recursos.

Definición dos Eixos estratéxicos

Os eixos estratéxicos do Departamento de Filoloxía española e Latina que se enuncian de seguido propóñense como liñas básicas de actuación de cara a potenciar o Departamento no

futuro, a partir dos cales haberán de definirse os obxectivos estratéxicos do departamento e as actuacións encamiñadas a acadalos:

1. Mellora da actividade docente (pulo á innovación docente no Departamento).
2. Incremento da actividade investigadora do Departamento.
3. Mellora da organización do Departamento e da súa xestión.
4. Maior proxección do Departamento cara ao exterior, tanto nas súas facetas docentes e investigadoras (especialmente no que toca á transferencia á sociedade dos resultados das nosas investigacións) como no noso compromiso xeral coa nosa sociedade.
5. Desenvolvemento profesional dos seus integrantes.

1. Mellora das actividades docentes do Departamento

- Adaptación da docencia ó novo marco do EEES e adecuación dos programas ó aprobado polo Departamento. Os horarios e os programas están disponibles na Secretaría e na Web.
- Fomento das TIC no proceso de ensino e aprendizaxe.

Facilitar a transición no proceso de integración no EEES coa implantación do sistema ECTS.

- Docencia personalizada con titorías individuais, en grupo e temáticas.
- Mobilidade de alumnos/as e profesores/as como se ve no número crecente de intercambios e convenios coordinados por este Departamento
- Incremento do número de becas de Grao, Posgrao, Terceiro Ciclo, de colaboración (da Xunta, do Ministerio e da UDC), de contratos de investigadores/as (Ánxeles Alvariño, María Barbeito, Parga Condal, Juan de la Cierva e Ramón y Cajal).
- Procura de prácticas en empresas.
- Incremento da cantidade e calidade dos fondos bibliográficos.
- Necesidade de chegar a un acordo entre os profesores do Dpto. de cara a esixir uns requisitos mínimos de expresión e corrección lingüísticas por parte do alumnado.

2. No plano da investigación, preténdese, en canto á transferencia de resultados de investigación, continuar e aumentar o número de subvencións recibidas. Outro dos obxectivos desexables sería apoiar aos investigadores do Departamento mediante a contratación de persoal administrativo e o incremento das infraestructuras.

En definitiva, incrementar a investigación de calidade que se transmita en publicacións de alto impacto.

Análise DAFO

A análise das Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades do Departamento de Filoloxía española e latina realizouse en relación cos eixos estratéxicos previamente definidos:

1. Mellora das actividades docentes do Departamento
2. Incremento da actividade investigadora do Departamento.
3. Mellora da organización do Departamento e da súa xestión.
4. Maior proxección do Departamento cara ao exterior, tanto nas súas facetas docentes e investigadoras (especialmente no que toca á transferencia á sociedade dos resultados das nosas investigacións) como no noso compromiso xeral coa nosa sociedade.
5. Desenvolvemento dos seus integrantes

Debilidades

Eixo estratéxico 1. Mellora das actividades docentes do Departamento

Incertezas sobre a situación futura das actuais titulacións, e moi especialmente a de Filoloxía Hispánica.

Carga docente distribuída en multiplicidade de centros e titulacións, coa conseguinte dispersión de enerxía e necesidade de persoal especializado nos diferentes campos do saber. Resulta difícil realizar actividades docentes extraordinarias pola densidade de horarios das titulacións.

A implicación do profesorado en cursos de formación e innovación docente non é a desexable debido á sobrecarga de traballo noutras actividades.

Moi escasa participación activa dos estudantes nas aulas e en titorías.

A proxección da actividade docente do Departamento cara ao exterior é insuficiente.

Faltan actividades extracurriculares para os alumnos.

Eixo estratéxico 2. Incremento da actividade investigadora do Departamento.

Non existe un coñecemento claro por parte dos membros do Departamento das liñas de

investigación dos outros grupos ou investigadores do propio Departamento.

A colaboración e a interacción investigadora entre os distintos grupos do Departamento son pouco relevantes. Mesmo hai un certo descoñecemento das infraestructuras dispoñibles nos distintos grupos de investigación do Departamento.

Escasos resultados globais en investigación, aínda que sexan individualmente elevados.

Carencia de infraestructura de investigación (fondos bibliográficos de moi difícil adquisición).

A mobilidade investigadora e o intercambio con outras institucións e centros son manifestamente mellorables.

O número de investigadores en formación é escaso.

Procesos de xestión pouco áxiles con exceso de tarefas burocráticas. Falta de persoal administrativo que colabore nas tarefas de investigación.

O labor de difusión e divulgación das actividades do Departamento dentro da Universidade e cara á sociedade resulta insuficiente.

Escasa divulgación das actividades do departamento a través da páxina Web.

Eixo Estratéxico 3. Mellora da organización do Departamento e da súa xestión.

As incertezas acerca do noso futuro fan que o Departamento se sinta nunha situación de impasse e non se decida a adoptar ningún tipo de determinacións. Esta situación provoca a ralentización da marcha do departamento.

Actualmente non dispomos de orzamento para acometer parte das propostas do Plano Estratéxico.

Algúns despachos teñen problemas de insonorización e aclimatación e, alén diso, sofren a cercanía (tantas veces denunciada) das liñas de alta tensión.

Algúns profesores do Departamento non están ubicados na Facultade de Filoloxía.

Infraestructuras docentes e de investigación mellorables (gabinetes, aulas ...). As aulas teñen unhas dimensións pouco axeitadas para a docencia en grupos reducidos.

Exceso de tarefas burocráticas que recaen no profesorado con escaso recoñecemento das mesmas.

Exceso de reunións.

Eixo estratéxico 4. Maior proxección do Departamento cara ao exterior, tanto nas súas facetas docentes e investigadoras (especialmente no que toca á transferencia á sociedade dos resultados das nosas investigacións) como no noso compromiso xeral coa nosa sociedade.

- Non está suficientemente ben recollida toda a actividade departamental.

- Hai certo desinterese, produto do cansanzo, nos membros do Departamento para colaborar nas súas tarefas.
- Falta conciencia de pertenza ao Departamento cando se divulga a actividade no exterior.
- Insuficiente relación con entidades privadas.

5. Desenvolvemento dos seus integrantes.

Ás veces os cursos de formación ofertados non coinciden coa demanda dos membros do Departamento.

Ameazas

Eixo estratéxico 1. Mellora das actividades docentes do Departamento

Diminución no número dos alumnos.

Clara diminución no nivel académico do alumnado.

Falta de participación do alumnado nas actividades docentes (aulas, titorías...) e extracurriculares.

A pesar dos convenios existentes con outros centros, son moi poucos os estudantes que optan por saír a outras universidades. Se ben é explicable no caso dos estudantes de Filoloxía Hispánica e as Bolsas Erasmus, non o é no caso das Séneca.

Obsérvase no noso entorno unha clara percepción negativa acerca das expectativas profesionais dos nosos estudantes.

Obsérvase unha especial incidencia ao longo dos últimos anos (e durante o pasado verán moi especialmente) dunha campaña de desprestixio das titulacións de Humanidades en xeral, das Filoloxías en particular e, de xeito singular, a de Filoloxía Hispánica na Coruña (repetidas mencións na prensa á excesiva duración dos estudos, ao abandono dos mesmos, etc.).

O certo é que o único indicador preocupante dos que se teñen manexado é o da taxa de abandono dos nosos estudantes (44.44%), superior á media da Universidade. A Taxa de eficiencia está lixeiramente por debaixo da media da Universidade, mentres que a taxa de éxito, estudantes matriculados/estudantes presentados (83.63%), se sitúa por riba da media da Universidade.

A tendencia á redución do noso estudantado fai inviable a impartición dun elevado número de asignaturas optativas, o que repercute na docencia do Departamento.

A reforma da práctica docente tradúcese nun incremento dos requerimentos laborais ás

plantillas (tutorías personalizadas, actividade académicamente dirixida, incorporacións das TICs ao ensino presencial e non presencial...).

O temor á redución da nosa carga docente nun inmediato futuro, nos novos planos de estudo, fai que non se prantexe a formación de novas xeracións de profesores.

Hai unha certa desmotivación do profesorado nos seus labores docentes pola elevada actividade desenvolta, polos cambios a que se ve sometido (coa introducción dos ECTS, por exemplo) e pola citada falta de confianza no relevo xeracional.

O perfil esencialmente tecnolóxico da Universidade da Coruña parece xogar na nosa contra. Sería posible, con todo, e moi desexable que a nosa institución tivese un comportamento cara ás Humanidades semellante ao que adoptou desde os seus comezos a Universidade Carlos III, cunha decidida toma de postura en apoio das humanidades.

Máis alá do que atinxe aos estudos humanísticos en xeral, debemos sinalar que existe unha clara contradicción en aqueles que lamentan públicamente as notables eivas que se aprecian nas capacidades comunicativas dos actuais estudantes universitarios (queixa mostrenca que se adoita dirixir aos membros deste Departamento, pois implícitamente se lles atribúe responsabilidade nese eido) e non tratan de poñer os medios para evitalo, incorporando en todas as carreiras materias que puidesen, cando menos, aliviar este déficit.

Eixo estratéxico 2. Incremento da actividade investigadora do Departamento.

O Departamento presenta unha certa descoordenación nos seus obxectivos investigadores. As dificultades para a incorporación de novos investigadores (e as escasísimas perspectivas de futuro que se lles ofertan) poden xerar un estancamento no pulo investigador do Departamento.

Tamén poden supor un certo freo para a actividade investigadora a excesiva burocratización académica e a falta de incentivos á investigación por parte da Universidade e do MEC.

Existe cada vez unha máis elevada competencia polos escasos recursos para a investigación e os temas vencellados coas Humanidades nos adoitan ser considerados como unha auténtica manifestación científica (non deixa de ter unha certa lectura que a nosa área de coñecemento se denomine Humanidades e non, por exemplo, "Ciencias Humanas", de xeito paralelo ás "Ciencias da Saúde", as "Ciencias Sociais e Xurídicas" ou as "Ciencias Experimentais").

Falta de centralización administrativamente visible de todos os recursos acadados mediante proxectos, convenios, etc.

Dificultade para a obtención de anos sabáticos co actual Regulamento.

Eixo estratéxico 3. Mellora da organización do Departamento e da súa xestión.

Apréciase unha excesiva reglamentación burocrática.

A progresiva descentralización da xestión universitaria supuxo un trasvase de tarefas dos Servizos Centrais ao persoal administrativo dos Departamentos, pero sen que isto supuxese un aumento deste persoal nin máis autonomía para os Departamentos pois, de facto, o control segue a estar neses servizos centrais.

O espazo destinado ao arquivo do Departamento é insuficiente.

Sería desexable que dentro do PAS houbera unha especialización, de xeito que se optimizasen os recursos humanos e mellorase a atención aos Departamentos.

Non existe persoal administrativo de apoio especializado na xestión da investigación.

A ausencia do único PAS (por enfermidade ou simplemente por disfrutar das súas vacacións) pode causar serios atrancos ao normal funcionamento do Departamento.

Obsérvase no alumnado unha renuncia a participar nos órganos de representación no Departamento (aínda que durante o último ano esa actitude semella ter cambiado).

Obsérvase unha escasa participación do profesorado que se ve reflexada, por exemplo, na tardanza en cumprir coas solicitudes que se lle fan desde a Dirección do Departamento e desde outras instancias. Un exemplo deste feito é a escasísima resposta que se produciu ante as peticións de colaboración da comisión que redactou este plano.

Eixo estratéxico 4. Maior proxección do Departamento cara ao exterior, tanto nas súas facetas docentes e investigadoras (especialmente no que toca á transferencia á sociedade dos resultados das nosas investigacións) como no noso compromiso xeral coa nosa sociedade.

A escasa divulgación da potencialidade do Departamento pode facerlle perder oportunidades de formalización de convenios co exterior (así, por exemplo, coñecemos de modo accidental a existencia dunha bolsa por parte dun Departamento universitario de Ferrol para a preparación de materiais lexicográficos, cando esa é unha tarefa que nos afecta directamente).

Carecemos de experiencia nos labores de coordinación empresa-universidade.

A nosa páxina web é mellorable, tanto en deseño como en mantemento.

Non é posible dispor dunha páxina web dinámica e interactiva sen a colaboración de persoal especializado.

Eixo estratéxico 5. Desenvolvemento dos seus integrantes.

Existe unha saturación de información, especialmente por correo electrónico.

A Universidade da Coruña non pode acoller a todo o actual persoal en formación.

Fortalezas

1. Mellora das actividades docentes do Departamento

- O programa de doutoramento impartido no Departamento (que obtivo Mención de calidade) atrae un elevado número de doutorandos de fóra da Universidade da Coruña.
- Todo o profesorado permanente ten dedicación a tempo completo, polo que a súa aplicación ás tarefas do Departamento é alta.
- Prácticamente todo o profesorado, tanto permanente como contratado, é doutor (non o son
- Un bo número dos profesores participan nos Grupos Departamentais de Calidade.
- Tense participado no proxecto piloto de adaptación ao EEES.
- O Departamento ten participado nos programas de Contrato-Programa.
- Existe unha boa ratio profesor/alumnos para a docencia.
- O índice de asistencia a clase de los estudiantes é medio.
- A taxa de éxito, estudantes aprobados/estudiantes presentados, é, en xeral, elevada.
- A valoración por parte do alumnado do cumprimento das obrigacións polo profesorado do Departamento é elevada.
- A notable actividade investigadora de boa parte dos profesores do Departamento potencia unha docencia de calidade.
- Os grupos de investigación desenvolven un bo labor de contacto con outros grupos e investigadores, de xeito que é frecuente a presenza de profesores visitantes, especialmente no Programa de doutoramento, que adoitan ser utilizados tamén nalgunhas aulas de primeiro e segundo ciclo.
- A Facultade de Filoloxía ten incorporado hai pouco novos medios audiovisuais nas aulas nas que se imparte unha boa proporción da docencia do Departamento.
- Hai amplas oportunidades de mobilidade para os nosos alumnos mediante os convenios ERASMUS, SÉNECA...
- Hai unha boa captación de alumnos estranxeiros dispostos a pasar un ano nesta Universidade co programa ERASMUS.
- Un bo número dos nosos estudantes teñen obtido praza nas oposicións de Ensino Secundario.
- Varios dos nosos doutores teñan acadado praza en Universidades estranxeiras (Milán, Bath...) ou son xa TU en universidades españolas (Vigo, Santiago de Compostela).
- Foron adoptadas por parte da Vicerreitoría de Profesorado tímidas medidas que permiten valorar á hora do encargo docente o esforzo investigador dos membros do Departamento.
- O programa do equipo reitoral está modificar o sistema de concesión de anos sabáticos, o

que potenciaría as posibilidades efectivas do PDI para poder disfrutar de períodos sabáticos consagrados á investigación.

2. Incremento da actividade investigadora do Departamento.

Os membros do Departamento obteñen recursos e financiación a través de convocatorias de proxectos de investigación competitivas.

Os profesores e investigadores do Departamento presentan unha considerable produtividade científica en varias liñas temáticas diferenciadas.

É elevado o número de sexenios de investigación (segundo os datos de que dispón a Dirección do Departamento, serían 41 tramos para 23 profesores en disposición de obtelos) e de tramos dos complementos autonómicos de excelencia polos membros do Departamento. Os contactos científicos e a proxección internacional da actividade investigadora do Departamento son relevantes.

Incrementábase o número de teses doctorais xeradas no Departamento.

Boa parte da infraestrutura e equipamento da plantilla do Departamento obtívose con cargo ao financiamento externo conseguido polos grupos de investigación.

A investigación desenvólta ten o seu reflexo nun elevado número de publicacións e na existencia de dúas revistas especializadas (Revista de lexicografía, con trece anos de existencia, e Cancionero general, con cinco).

3. Mellora da organización do Departamento e da súa xestión.

Aprobouse recentemente un novo Regulamento de Réxime Interno.

A case totalidade do profesorado dispón de gabinete individual.

O Departamento posúe unha Sala de Xuntas para albergar pequenas reunións, seminarios e cursos.

O Departamento dispón dun PAS funcionario e con adicación a tempo completo.

Hai un bo aproveitamento dos recursos económicos dispoñibles para a docencia e a investigación.

4. Maior proxección do Departamento cara ao exterior, tanto nas súas facetas docentes e investigadoras (especialmente no que toca á transferencia á sociedade dos resultados das nosas investigacións) como no noso compromiso xeral coa nosa sociedade.

Hai membros do Departamento que ocupan cargos de responsabilidade institucional na Universidade da Coruña. Algúns membros do Departamento teñen unha presenza importante en postos directivos de sociedades científicas, asociacións profesionais e culturais.

Profesores do Departamento recibiron premios e distincións por parte de de diversas institucións relevantes en materia cultural, lingüística, social e de investigación.

Algúns membros do Departamento teñen asinado convenios de colaboración con institucións

externas.

Existe unha boa proxección nos medios de comunicación dalgunhas das nosas actividades.

5. Desenvolvemento dos seus integrantes.

O Departamento presenta unha elevada porcentaxe de profesorado ben cualificado (estable, doutor e con adicación a tempo completo) para tarefas docentes e investigadoras.

A diversidade de áreas que integran o Departamento fomenta a multidisciplinabilidade que tanto se está a reclamar na actualidade cara ás novas titulacións.

A maioría dos membros do Departamento manexa as novas tecnoloxías.

A produción científica do Departamento é elevada.

Hai unha boa disposición por parte do profesorado á formación continua.

O nivel dos membros do departamento é, grosso modo, competitivo.

Oportunidades

1. Mellora das actividades docentes do Departamento

A diminución de estudantes permite o desenvolvemento de novas oportunidades docentes (masters, cursos de posgrao, cursos de verán) baseadas na calidade docente (e investigadora) do Departamento.

A diminución de alumnos permite a docencia en grupos reducidos, o que facilita un ensino de maior calidade (máis orientado á autoaprendizaxe e cun seguimento máis próximo e doado do alumnado).

Posto que o nivel de cumprimento das obrigas docentes do profesorado é elevado, a diminución do número de estudantes matriculados permite unha diminución da carga docente que deberá traducirse nun incremento da calidade da nosa práctica docente.

A actividade investigadora do Departamento pode xerar a existencia de bolseiros que podan incorporarse á práctica docente.

Mellora das condicións laborais dos bolseiros de investigación que posibilite a súa incorporación ao persoal da Universidade e, no posible, reduza a incertidume que sempre os rodea.

A actividade investigadora do profesorado do Departamento está, en liñas xerais, estreitamente relacionada cos coñecementos impartidos nas titulacións, o que posibilita unha docencia de maior calidade nos seus contidos.

A redución da carga docente do profesorado, vencellada ó cumprimento duns determinados niveis de investigación, poderá potenciar esta última e facilitará a dotación de novas prazas de profesorado. Cómpre estimular debidamente a ese 40% de membros do Departamento que non se involucra en proxectos de investigación ou non obtén tramos de investigación.

Estase a producir dentro do Departamento un grande interese polo desenvolvemento de novas formas de docencia: incorporación das novas tecnoloxías (presenza das TIC), procura do traballo en equipo, integracións en proxectos de innovación docente, etc.

O entorno europeo e as necesidades de contar cun maior número de profesores de español nun grande número de países debería supor a curto prazo un aumento da demanda das nosas titulacións.

As políticas de xubilacións anticipadas no Ensino Secundario vai facer necesario contar cun maior número de egresados de español nun grande número de países, o que debería supór a curto prazo un aumento da demanda das nosas titulacións.

Existe a posibilidade de establecer actividades de formación continua para profesionais, como a traveso dos cursos coma o Curso de Formación Específica de Posgrao: *Actualización en Lingua e Literatura española* que se impartiu este cuadrimestre.

Existe a posibilidade de captación de alumnado estranxeiro, especialmente nos programas

de posgrao e doutoramento, para especializarse en Liengua e literatura española nun país desa fala. Non sería desacertado deseñar un posgrao destinado a cubrir este tipo de necesidades.

Hai unha grande demanda de hispanistas para o ensino medio e superior tanto en países europeos como de Norteamérica e de novos escenarios (as economías emerxentes do Pacífico, os países árabes...).

Estase a producir na nosa sociedade unha progresiva demanda de especialistas en Ciencias Humanas para moi diversas parcelas que teñen que vern, dunha banda, coa cultura do ocio, pero tamén cunha certa interpretación da formación continúa. É responsabilidade nosa ser quén de responder a estas demandas.

Maior información aos nosos estudantes acerca da existencia das Bolsas Erasmus, SICUE e similares e das posibilidades que ofrecen.

Existe a posibilidade de que, no proceso en marcha de renovación do mapa de titulacións e modificación dos actuais planos de estudo, os estudos propios do noso Departamento sexan incluídos noutras titulacións, dado o xeral sentimento da necesidade de potenciar as capacidades lingüísticas dos estudantes universitarios.

Algúns membros do Departamento están a formar parte do proxecto dun Programa de Posgrao interuniversitario mediante o ensino on-line.

Existe a posibilidade de participar no desenvolvemento de novos posgrao(s) (así, por exemplo, no centrado na preparación para o Ensino Secundario).

2. Incremento da actividade investigadora do Departamento.

A interacción entre grupos de investigación pode potenciar a actividade investigadora do Departamento e determinar un mellor aproveitamento dos equipos, recursos humanos e técnicas disponibles.

É posible optar a novas fontes de financiamento (autonómico e estatal, mais tamén europeos).

A incorporación de xoves investigadores pode dotar dun maior dinamismo á actividade investigadora do Departamento.

O fomento da mobilidade pode supor un estímulo e unha oportunidade para a actualización investigadora.

A implicación de membros en actividades de xestión da investigación pode favorecer o coñecemento desta actividade desde dentro e mellorar os resultados do Departamento.

A redución da carga docente do profesorado, vencellada ao cumprimento duns determinados niveis de investigación, poderá potenciar esta última.

A difusión do noso labor investigador pode facer coñecer á sociedade a utilidade da actividade investigadora que se desenvolve no Departamento.

Boa parte da investigación que emana do Departamento ten acadado repercusión

internacional. Ademais, é de destacar a importancia das reunións científicas aquí celebradas e do impacto que van acadando as revistas a el vencelladas.

3. Mellora da organización do Departamento e da súa xestión.

A páxina Web do Departamento dará a coñecer toda a información sobre a actividade que alí se desenvolve.

Cun panel informativo dentro da páxina web os estudantes poderán identificar máis facilmente aos seus docentes.

A mellora das dotacións do Centro permitirán que as aulas, reunións, seminarios, etc., se celebren nun ambiente mellor.

Unha xestión axeitada dos taboleiros do Departamento e da páxina web facilitará un acceso inmediato á información máis relevante.

A protocolarización dos procedementos administrativos e dos prazos aos que está obrigado o Departamento redundará nun aproveitamento máis eficaz do tempo e os recursos humanos disponibles.

A mellora da dotación informática de xestión permitirá axilizar o funcionamento do Departamento.

4. Maior proxección do Departamento cara ao exterior, tanto nas súas facetas docentes e investigadoras (especialmente no que toca á transferencia á sociedade dos resultados das nosas investigacións) como no noso compromiso xeral coa nosa sociedade.

O ámbito de influencia do Departamento sitúase nunha área de grande crecemento demográfico e económico (a zona A Coruña-Ferrol).

A difusión e divulgación da actividade e potencialidade do Departamento contribuirá a incrementar os convenios co exterior.

A difusión e divulgación da actividade do Departamento incrementará o seu papel na sociedade.

A presenza de membros do Departamento en órganos de decisión debería incrementar o seu peso na toma de decisións.

Cooperación con centros de investigación alleos á nosa Universidade, mediante a sinatura de convenios.

A participación do Departamento en convenios co exterior supón unha oportunidade de inserción no mundo laboral do persoal en formación, un incremento dos ingresos para o Departamento e o fomento da investigación.

A elaboración dunha memoria anual permitirá un maior coñecemento do labor desenvolvido, coa finalidade de mellorara todas e cada unha das caras do Departamento: docentes, investigadora e de xestión.

5. Desenvolvemento dos seus integrantes.

Mellora da formación docente, investigadora e profesional dos seus membros.

Promoción do persoal formado no Departamento.

A comunicación interna suporá un mellor acceso á información relevante.

A mellora da comunicación coa sociedade.

A mellora da imaxe externa do Departamento.

Cadro de Mando

Establécense de seguido os obxectivos operativos definidos polos cinco eixos estratéxicos marcados. Estes obxectivos tamén se corresponden coa visión de futuro do Departamento e encamiñanse á súa mellora.

Eixo estratéxico 1. Mellora das actividades docentes do Departamento

Obxectivos operativos propostos:

- Lograr o mantemento da titulación de Filoloxía Hispánica na Universidade da Coruña
- Mantemento e consolidación do Programa de Doutoramento do Departamento (con Mención de calidade).
- Mantemento e ampliación do actual curso de formación específica.
- Potenciamento das áreas do Departamento minoritarias ou sen carga troncal nos actuais plans de estudo (ou en situación de maior debilidade).
- Mantemento e ampliación do número de profesores visitantes de recoñecido prestixio doutras universidades, tanto para participar nos programas de posgrao como nos de grao.
- Potenciación dos programas de intercambio Erasmus-Sócrates e SICUE.
- Potenciación das prácticas en empresas dos nosos estudantes.
- Maior coordinación do ensino.
- Reunións periódicas das áreas de coñecemento.
- Maior colaboración docente entre o profesorado.
- A reforma da práctica docente, como xa indicabamos, tradúcese nun incremento dos requerimentos laborais ás plantillas (titorías personalizadas, actividade académicamente dirixida, incorporacións das TICs ao ensino presencial e non presencial...), o que impón como condición sine qua non para afrontar esas novas tarefas o reforzamento das plantillas ou, cando menos, unha redución das horas adicadas á docencia presencial, que non debería sobrepasar as catro horas semanais.
- Aumento do número de guías docentes informatizadas das asignaturas impartidas polo Departamento.
- Continuación dos programas de innovación docente auspiciados pola Universidade da Coruña.
- Preparación de cursos de verán.
- Desenvolvemento dunha campaña de publicidade sobre os resultados da docencia do Departamento.
- Organización de campañas de captación de alumnado.

Os responsables serán todos os profesores/as responsables da docencia do Departamento.

Calendario: Revisión anual dos obxectivos estratéxicos.

Eixo estratéxico 2. Incremento da actividade investigadora do Departamento.

- Difundir á Universidade da Coruña e á sociedade a actividade investigadora que se desenvolve no Departamento.
- Desenvolvemento dunha campaña de publicidade sobre os resultados da investigación existente do Departamento.
- Manter na páxina web información sobre a produción científica dos membros do Departamento.
- Impulsar a renovación do equipamento.
- Impulsar a participación dos membros do Departamento na xestión da investigación da Universidade e dos organismos de investigación autonómicos e estatais.
- Fomentar a incorporación de investigadores doutores (Ramón y Cajal, Juan de la Cierva, etc.).
- Estimular a formación de xoves investigadores.
- Fomentar o desenvolvemento dunha investigación de calidade.
- Animar á participación en convocatorias competitivas de proxectos de investigación.
- Favorecer a interacción entre os distintos grupos de investigación do Departamento e o de áreas afíns dentro da Universidade.
- Favorecer a relación dos distintos grupos de investigación do Departamento cos grupos de fóra da nosa Universidade.
- Catalogar as liñas de investigación do Departamento.
- Mantemento das dúas revistas vencelladas ao Departamento.
- Promover estadias fóra dos membros do Departamento.
- Promover a obtención de licencias de investigación (sabáticos) polos membros do Departamento.
- Favorecer a realización de reunións científicas.

As persoas responsables serán a Dirección do Departamento, os coordinadores de proxectos e, en xeral, o profesorado con capacidade investigadora recoñecida.

Período: 2007-2010.

Eixo estratéxico 3. Mellora da organización do Departamento e da súa xestión.

- Estandarización da xestión do Departamento.
- Axilización nos procesos de xestión.
- Mellora da páxina web do Departamento.
- Mellora da Sala de Xuntas do Departamento, dotándoa de equipamento permanente para a

impartición de cursos.

- Identificación (mesmo con fotografía) dos membros do Departamento dentro da páxina web do Departamento.
- Xestión máis áxil dos taboleiros de información do Departamento, aos que se debería engadir un taboleiro online na páxina web.
- Proceso de mellora da capacidade xestora do Departamento mediante unha restructuración xeral dos Departamentos agora existentes.
- Información permanente e actualizada entre todos os Servizos Universitarios, evitando na medida do posible a proliferación de actos burocráticos vacíos de contido, que afectan tanto ao Departamento no seu conxunto como ás unidades de investigación e aos PDI.

Eixo estratéxico 4. Maior proxección do Departamento cara ao exterior, tanto nas súas facetas docentes e investigadoras (especialmente no que toca á transferencia á sociedade dos resultados das nosas investigacións) como no noso compromiso xeral coa sociedade.

- Edición dun folleto informativo sobre as actividades do Departamento.
- Participación do Departamento en Contratos co exterior.
- Elaboración dunha memoria anual da actividade.
- Fomento da participación dos membros do Departamento nos diversos órganos de goberno da Universidade.
- Difusión e divulgación da actividade do Departamento.
- Sinatura de convenios con institucións nacionais e internacionais.
- Organización de eventos científicos.
- Organización de ciclos de conferencias de carácter aberto.
- Impulso ás actividades culturais (cineclub, obradoiros de lectura, escritura, etc).

Responsables: A Dirección do Departamento, os organizadores de Congresos, ciclos de conferencias, etc...

Eixo estratéxico 5. Desenvolvemento dos seus integrantes.

- Coordinación de actividades extraacadémicas entre membros do Departamento.
- Fomento das relacións sociais entre os membros do Departamento.
- Plano de promoción profesional.
- Planificación de cursos de formación continua.
- Aumento da plantilla de PDI.
- Promoción da plantilla de PDI actual.